

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 22 DE XANEIRO DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan de Acción 2015 de dotación e xestión sustentable de medios no Posto de Traballo para a prestación dos servizos públicos dixitais a cidadáns e empresas.
- Acordo polo que aproba definitivamente o “Proxecto sectorial 01\_14 de infraestruturas de telecomunicacións de nova implantación xestionadas por Retegal” para os efectos previstos pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e polo Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Verín para a execución da obra: “Actuacións na rede de saneamento de Verín e polígono de Pazos. Verín (Ourense)”, clave OH.332.781, por importe de oitocentos trinta e oito mil setecentos noventa e seis euros con sesenta e un céntimos (838.796,61 euros).



## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se regula o procedemento de garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema público de Galicia, para efectos da súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se aproba o Plan galego antiVIH-Sida 2015-2018.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación "As Burgas para el tratamiento y rehabilitación del enfermo alcohólico", para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos de dependencia relacionados co alcohol, o tabaco, o xogo e outras dependencias sen substancia, por un importe de 148.502 euros.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcohología (ASVIDAL), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos de dependencia relacionados co alcohol, o tabaco, o xogo e outras dependencias sen substancia, por un importe de cento setenta e cinco mil trescentos oitenta e tres euros (175.383,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos de dependencia relacionados co alcohol, o tabaco, o xogo e outras dependencias sen substancia, por un importe de noventa e cinco mil catrocentos oitenta e cinco euros (95.485,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Exalcohólicos Luís Miguel Morás da Coruña, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos de dependencia relacionados co alcohol, o tabaco, o xogo e outras dependencias sen substancia, por un importe de cento setenta mil setenta e tres euros (170.073,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo, para o desenvolvemento do programa terapéutico educativo Proxecto Home de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e do programa tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por un importe de oitocentos dezanove mil cincocentos cincuenta e oito euros (819.558,00 euros).



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS), para a realización do programa de atención á saúde mental infanto-xuvenil na área de Ferrol, por un importe de cento corenta e un mil cento sesenta e nove euros (141.169,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación cidadá de loita contra a droga (ALBORADA), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe dun millón douscentos noventa e un mil setecentos sesenta e tres euros (1.291.763,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe de cincocentos corenta e catro mil novecientos vinte e seis euros (544.926,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de drogodependencias (ASFEDRO), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe de oitocentos tres mil oitocentos corenta euros (803.840,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga da Coruña (ACLAD), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe dun millón catrocentos cincuenta mil seiscentos catorce euros (1.450.614,00 euros).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada da subministración de cincuenta e dous (52) vehículos todoterreo equipados para a prevención e defensa contra os incendios forestais, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco operativo FEDER 2007-2013, polo importe de licitación de oito millóns douscentos sesenta e catro mil catrocentos sesenta e dous euros con trinta e dous céntimos (8.264.462,32 euros) sen IVE, e cun valor estimado total de nove millóns novecientos noventa e nove mil novecientos noventa e nove euros con corenta céntimos (9.999.999,40 euros) IVE engadido.



## INFORMES

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a orde de axudas aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa para o ano 2015.



## **A XUNTA ACTUALIZA E SIMPLIFICA O PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO PARA A CATALOGACIÓN DAS ÁRBORES SENLLEIRAS**

- ***O Consello aproba a modificación do Decreto 67/2007 polo que se regula o catálogo destas especies arbóreas na Comunidade galega***
- ***Os cambios manteñen nos mesmos termos o réxime de protección das árbores e formacións catalogadas***
- ***Actualízase o funcionamento do Comité das Árbores Senlleiras e o xeito de presentar as solicitudes de catalogación ou descatalogación, que será preferiblemente por vía electrónica***
- ***Na actualidade, en Galicia existen 142 árbores e 31 formacións excepcionais merecedoras de protección***

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión desta mañá aprobou a modificación do Decreto polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras, co fin de actualizar e clarificar o seu contido e incrementar a eficacia na protección. Ao mesmo tempo, simplifícase o procedemento administrativo, tanto para a catalogación como para a descatalogación.

O Catálogo galego de árbores senlleiras data do ano 2007 e a experiencia aconsella modificar o réxime de protección preventiva que se aplica no momento de formular a solicitude de catalogación. Así, a iniciación do procedemento de catalogación dun exemplar ou formación singular significará a aplicación de medidas de protección cando o acorde a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, por proposta da xefatura territorial mediante a correspondente resolución.

Esta modificación mantén nos mesmos termos o réxime de protección das árbores e formacións xa catalogadas. A modificación establece que, no momento en que se solicite a catalogación, se realice unha ponderación previa dos valores ambientais da árbore ou da formación para, dese xeito, dirixir os esforzos de conservación a aqueles elementos que o merezan conforme as súas características excepcionais.

Con isto respéctase en maior medida a consecución, de forma eficaz, do obxectivo último deste catálogo: a protección das árbores ou formacións senlleiras; ao mesmo tempo que os recursos públicos que a Xunta de Galicia destina á conservación dos elementos catalogados se empregan dun xeito máis eficiente.

A modificación do decreto reduce de seis a cinco meses o prazo establecido para resolver sobre unha solicitude de catalogación, que corresponderá á Dirección Xeral da Natureza.

Cómpre sinalar que o procedemento de catalogación ou descatalogación poderán inicialo as persoas propietarias das árbores ou formacións, as administracións públicas,



os centros de investigación ou asociacións e entidades privadas, que teñan entre os seus fins estatutarios a protección da natureza. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### **Axilización das actuacións de conservación**

Así mesmo, axilízase o procedemento para autorizar actuacións como podas ou tratamentos fitosanitarios necesarios para a conservación das árbores protexidas, para o que abondará cunha comunicación previa á xefatura territorial no suposto de contar xa cun plan de xestión ou autorización administrativa. Ata o de agora, esas actuacións necesitaban unha autorización específica da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Porén, no caso de que exista perigo ou risco inmediato para a seguridade das persoas ou en supostos de especial gravidade na sanidade vexetal, será necesario que a xefatura territorial emita, nun prazo máximo de 15 días, unha autorización para realizar a actuación necesaria.

Co ánimo de facer máis áxil e dinámico o procedemento de catalogación tamén se modifica o funcionamento do Comité das Árbores Senlleiras, non só no relativo ás súas funcións, senón tamén nas previsións referidas ás súas reunións, deixando que sexa o propio comité o que determine a periodicidade de convocatoria no seu regulamento de funcionamento.

### **Funcións do Comité das Árbores**

Coa aprobación desta modificación tamén se actualiza o nomeamento das persoas integrantes na procura de acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres. Entre as funcións deste grupo están a de propor criterios de inclusión no catálogo, propor a catalogación ou descatalogación das árbores e formacións singulares, emitir informes sobre as solicitudes de catalogación presentadas, nos casos en que a xefatura territorial o considere necesario, informar dos diferentes plans de xestión que se elaboren para os exemplares e formacións catalogadas, e aconsellar sobre as medidas de conservación, así como informar dos diferentes tratamentos fitosanitarios que se leven a cabo.



## **A XUNTA ABORDA EN 2015 A CONSOLIDACIÓN DO POSTO DE TRABALLO DIXITAL PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS**

- *O obxectivo é que os traballadores dispoñan dos medios tecnolóxicos axeitados ás súas funcións e garantir a prestación de servizos dixitais a cidadáns e empresas*
- *Renovarase o 25% do parque informático da Xunta e instalarse un software corporativo adaptado ás necesidades de cada usuario*
- *Implantarase unha rede de videoconferencia que evitará desprazamentos, contribuirá a axilizar trámites e aforrará custos*
- *Iniciarase a migración a software libre en 500 postos de usuario*
- *Estas medidas permitirán un aforro anual de 1.2 millóns de euros*

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) pon en marcha este ano o Plan de acción de dotación e xestión sustentable no posto de traballo para garantir que os empregados públicos dispoñan dos medios tecnolóxicos axeitados ás súas funcións e á prestación dos servizos dixitais para cidadáns e empresas que require o contexto actual.

As medidas do Plan, que abrangue a dotación de novo equipamento, a homoxeneización do software e a centralización das ferramentas de xestión dos equipamentos, permitirá un aforro de 1.199.484 anuais á Administración autonómica. A este cifra súmase un aforro de 349.279 euros derivado da compra centralizada do equipamento.

Esta actuación enmárcase nas iniciativas que a Xunta vén desenvolvendo desde o ano 2010 para implantar a eAdministración e acadar unha xestión dixital de todo ciclo de vida dos documentos e dos procedementos administrativos. Todo este proceso implica a reconfiguración das funcións dos empregados públicos, que precisan tanto de formación, que xa se está a impartir desde a EGAP, como da dotación de medios TIC adaptados á novas necesidades, que é o que garante este novo modelo de xestión do posto de traballo.

### **Equipamentos informáticos, de videoconferencia e escaneamento**

En canto ao equipamento prevese a renovación inicial do 25% do parque informático da Administración autonómica. Esta actuación esténdese a arredor de 2.000 postos de traballo en edificios administrativos e aulas de centros de formación xestionados pola Xunta como a AGASP, a EGAPP, O CSHG ou rede CeMIT. Ademais, no marco do Plan Trabe para a modernización dos servizos sociais, iniciouse xa a dotación de máis de 1.200 ordenadores e impresoras en 99 centros públicos da área de benestar. Nunha segunda fase abordarase a substitución de equipamentos noutros centros de servizos públicos como bibliotecas, oficinas agrarias comarcais...



Nesta mesma liña de actuación está prevista unha dotación inicial de 300 equipamentos de escaneamento nas oficinas de rexistro propias e concertadas. Trátase dun equipamento imprescindible no proceso de dixitalización que se está a levar a cabo rexistros e no marco da posta en marcha do Arquivo Dixital de Galicia, que albergará o arquivo electrónico da Administración.

A implantación da rede de videoconferencia da Xunta é outra das medidas do Plan que establece a dotación inicial de equipamentos de videoconferencia en 9 salóns de actos principais nas delegacións da Xunta de Galicia, 13 equipamentos para salas e 33 equipamentos portátiles para usos múltiples. A videoconferencia é un medio de comunicación áxil e flexible, tanto para o traballo dentro da propia administración como para facilitar a cidadáns e empresas a resolución de determinados trámites administrativos.

A videoconferencia é un dos instrumentos dun modelo corporativo de colaboración que tamén establece novos sistemas de compartición da documentación como un modelo de carpetas en rede común a toda a Xunta que se iniciou en 2014 e continuará a implantarse en 2015. Tamén se abordará a análise de posibles solucións corporativas de recursos na nube.

### **Catálogo de software corporativo e migración a solucións libres**

Tras identificar as diferentes tipoloxías e necesidades dos perfís de usuario, o Plan establece un catálogo con software corporativo adaptado a cada posto de traballo. Esta medida eliminará a heretorexeneidade actual garantindo a sustentable económica do modelo, a calidade no soporte aos usuarios e a súa xestión.

Iniciarase o Plan de migración a software libre en 500 postos de usuario en diferentes departamentos da Amtega, as consellerías de Economía e Industria, Traballo e Benestar, e Presidencia, Xustiza e Administracións Públicas. Este plan é posible grazas ao estudo previo sobre a migración do posto de empregado público a software libre elaborado pola Amtega a Asociación de Empresas Galegas en Software Libre (Agasol) e o plan de migración elaborado a raíz deste informe.

Deste xeito, a Xunta continúa coa súa política de impulso do software libre como xa vén realizando en proxectos estratéxicos como Abalar con 44.000 ordenadores con sistema operativo libre en centros educativos ou a Rede de CeMIT para a formación dixital de cidadáns e empresas que se conta con máis de 1.600 ordenadores con software libre.





### **Xestión integral do posto de traballo**

O volume e a dispersión xeográfica do parque informático da Xunta requiren dunha ferramenta de xestión específica que permita a distribución masiva de software, o control remoto dos posto de traballo e dispoñer dun inventario automatizado. Esta ferramenta estará operativa nos primeiros meses de 2015.

Tamén se avanzará na definición dun novo modelo corporativo de impresión, que contemplará a renovación de equipamentos mediante sistema de compra centralizada e negociación centralizada de contratos de soporte e consumibles, equipamentos en rede que ofrezan servizos a grupos de traballo e incremento da porcentaxe de equipamentos de carácter multifuncional.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DE RETEGAL PARA A CONSTRUCCIÓN DE SEIS NOVAS TORRES DE TELECOMUNICACIÓN**

- *Posibilitarán o acceso á Internet a preto de 2.000 veciños de Arzúa, Carballo, Castro de Rei, A Estrada, Lugo e Maceda*
- *É un dos proxectos previstos no Plan Sectorial do operador público que regula axeitadamente as infraestruturas de telecomunicación existentes e formula e planificación das novas*
- *Retegal, dependente da Amtega, xestiona máis de 270 centros de telecomunicacións e unha rede fibra óptica de 1.855 quilómetros cun papel chave para posibilitar a conexión á Internet de todos os galegos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto sectorial de Retegal para a construción de seis novas torres de telecomunicación nos concellos de Arzúa, Carballo, Castro de Rei, A Estrada, Lugo e Maceda. Estas novas infraestruturas de telecomunicación, que se construírán ao abeiro do novo Plan de banda larga 2020, dotarán de cobertura de internet preto de 2.000 veciños de 65 núcleos.

A ampliación de infraestruturas de Retegal permitirá acelerar a extensión da banda larga mediante a reutilización destas novas instalacións polos distintos operadores privados, aos cales non resulta rendible realizar investimentos en determinadas zonas do territorio galego polo súa orografía e dispersión poboacional.

### **Plan sectorial de Retegal**

Este proxecto enmárcase nas actuacións previstas no Plan sectorial de Retegal para a implantación e desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicación que xestiona e que son propiedade da Xunta de Galicia. O Plan, declarado de incidencia supramunicipal polo Goberno galego en xullo de 2012, regula as infraestruturas públicas existentes e a planificación previa de novos centros de telecomunicación que se abordan con base en proxectos sectoriais como o aprobado hoxe.

### **Potente rede de telecomunicacións**

Retegal, dependente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, conta na actualidade con máis de 270 centros de telecomunicacións e unha rede de fibra óptica de 1.855 quilómetros que están a ser chave na extensión da banda larga en Galicia.

O reforzo das infraestruturas do operador público comezou en 2010 coa construción de novos centros de telecomunicación e a ampliación da rede de fibra óptica existente. Esta actuación está a dotar a Comunidade dunha potente rede de telecomunicacións coa tecnoloxía máis avanzada en canto á capacidade de crecemento, calidade, posibilidades de evolución e maior velocidade de transporte.



Deste xeito, a Xunta de Galicia, a través de Retegal, xestiona unha infraestrutura que lle permitirá unha gran capilaridade para achegar a Rede ás zonas máis illadas tecnoloxicamente que ata o de agora non podían acceder aos servizos dixitais máis avanzados.

### **Plan de banda larga da Xunta**

A rede de Retegal foi chave nos despregamentos realizados dentro do Plan de banda larga da Xunta e que facilitaron o acceso á internet a máis de 740.000 galegos sen cobertura. Nos últimos catro anos a porcentaxe de galegos que poden contratar o servizo de Internet pasou do 71% ata máis do 98% na actualidade.

En 2010 só dous concellos de toda a Comunidade superaban o 90% de poboación con cobertura. Nos primeiros meses de 2015 serán 309 os municipios galegos con máis do 90% dos seus habitantes con cobertura de Internet.

Ademais, grazas ao Plan, desde o ano 2013 todos os núcleos e os centros públicos dispoñen de acceso á banda larga de calidade. Estamos falando de centros educativos, centros sanitarios, xulgados e casas consistoriais.

No terceiro trimestre do ano aprobarase o Plan de banda larga 2020 para dar resposta á demanda de novos servizos dixitais e prestacións máis avanzadas e para poder cumprir os obxectivos que marca a Axenda Dixital de Europa para o 2020: todos os europeos con acceso a redes de 30Mbps e a metade dos fogares conectados a redes de 100Mbps.



## **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 800.000 EUROS NA MELLORA DO SANEAMENTO DE VERÍN CON ACTUACIÓNS NA REDE XERAL E NO POLÍGONO DE PAZOS**

- ***A Consellería de Medio Ambiente licitará as obras nas vindeiras semanas, logo da aprobación do investimento polo Consello da Xunta***
- ***A actual rede de saneamento de Verín é practicamente unitaria e con moi pouca pendente, e presenta problemas de funcionamento xa que en épocas de choivas fortes se producen alivios e desbordamentos da rede***
- ***As obras contidas neste proxecto darán servizo á poboación dos núcleos de Verín, Abedes, Vilela, Caldeliñas e Pazos, no concello de Verín, e mais aos veciños de Vilaza, en Monterrei***
- ***Ademais, conectarase a rede de saneamento do polígono industrial de Pazos***

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Verín para a execución da obra "actuacións na rede de saneamento de Verín e Polígono de Pazos. Verín (Ourense)". A Xunta, a través de Augas de Galicia, asumirá o 100% do orzamento previsto para esta actuación, que ascende a 838.796 euros.

A aprobación por parte do Consello da Xunta deste acordo de colaboración constitúe o paso previo á licitación do contrato, que poderá ser publicada nas vindeiras semanas. A actuación, que responde a unha solicitude municipal de colaboración, contará cun prazo de execución de 8 meses.

As obras contidas neste proxecto darán servizo á poboación dos núcleos de Verín, Abedes, Vilela, Caldeliñas e Pazos (pertencentes ao concello de Verín) mais aos residentes en Vilaza, no concello de Monterrei. Ademais, conectarase a rede de saneamento do polígono industrial de Pazos. O proxecto prevé que para o ano horizonte 2038 a rede servirá a unha poboación equivalente superior a 18.3000 habitantes.

O núcleo de Verín atópase nunha zona moi cha, próxima ao río Támega. A rede de saneamento é practicamente unitaria na súa totalidade, e debido á pouca pendente que teñen os colectores e ramais da rede de saneamento e á súa disposición a través do núcleo de Verín, provoca que en época de choivas se produzan continuos desbordamentos e saídas de augas polos pozos de rexistro, sumidoiros e acometidas nos sotos de moitas das vivendas.

Para mellorar a situación, o proxecto prevé a construción dun tanque de tormentas cunha capacidade de 620 m3 nas inmediacións do núcleo de Queizás. Para o alivio das verteduras do tanque de tormentas instalárase unha tubaxe de PVC de 630 mm de



diámetro, ata o punto de vertedura no río Támega. Reporase, así mesmo, un tramo da rede de saneamento afectado pola execución do colector de alivio, mediante a instalación dun colector de PVC de 250 mm soterrado e cos seus correspondentes pozos de rexistro en formigón.

Polo que respecta ao polígono de Pazos, as actuacións inclúen a retirada das bombas e cadro eléctrico existentes, ampliación da boca do pozo de entrada e a instalación dun novo colector de bombeo de 250 mm de diámetro. O caudal que se vai a bombear, segundo a memoria de cálculo, é de 23,8 litros por segundo.

Ademais, para a medición e control do bombeo de Vilaza procedente do concello de Monterrei, faise un desvío da rede de bombeo ata a parcela municipal, e nela constrúese unha arqueta para aloxar unha canle, para a medición do caudal de bombeo de augas residuais; unha vez medido, incorpórase á rede por gravidade mediante unha tubaxe de PVC de 400 mm.

A Xunta de Galicia leva a cabo este tipo de colaboracións con entidades locais en materia de obras hidráulico –sanitarias, de acordo coa Lei de augas de Galicia, para facilitar o desenvolvemento e a mellora da calidade de vida naqueles concellos que teñen un orzamento insuficiente para financiar este tipo de actuacións necesarias. Ademais, este tipo de actuacións en materia de saneamento axudan no cumprimento da Directiva de augas residuais.



## **SANIDADE REDUCE OS PRAZOS E INCLÚE NOVOS PROCESOS AOS CALES SERÁ APLICABLE A SEGUNDA OPINIÓN MÉDICA**

- *A Consellería envía o texto do decreto ao Consello Consultivo tras ser coñecido hoxe no Consello da Xunta*
- *É un dos decretos que desenvolve a nivel normativo a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, xunto co decreto que regula o dereito ao exercicio da segunda opinión médica e o funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións Previas*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe acaba de aprobar o texto do Proxecto de decreto polo que se regula o dereito a pedir unha segunda opinión médica para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo.

Este dereito garante aos seus beneficiarios a posibilidade de contrastar un primeiro diagnóstico e/ou indicación terapéutica, en relación a determinados supostos de enfermidades singularmente complexas, tanto dende o punto de vista do seu diagnóstico, posible evolución e tratamento, como das potenciais consecuencias que poden ter para a saúde dunha persoa.

### **Novidades do decreto**

O decreto hoxe tramitado inclúe como novidades a redución dos prazos para a tramitación administrativa da solicitude da segunda opinión, e fixa un máximo de dez días hábiles para resolver a solicitude fronte ao mes da regulación actual. Tamén amplía os procesos aos cales será aplicable, incluíndo a totalidade de neoplasia maligna. Anteriormente excluíanse os cancros de pel que non fosen melanomas.

En xeral, o decreto establece de xeito expreso a posibilidade de solicitar unha segunda opinión no caso de recidivas tumorais malignas. Tamén no caso de que aparezan novos tratamentos para a curación ou mellora da calidade de vida daquelas persoas que padezan unha enfermidade incluída nos supostos que permiten o exercicio do dereito a unha segunda opinión médica.

Ademais, régúlase con maior detalle o procedemento para o exercicio da segunda opinión, de xeito que o paciente teña coñecemento da resolución da súa solicitude, así como os supostos en que se poderá obter a segunda opinión nun centro público doutra comunidade autónoma.

Así mesmo, reforza a autonomía de decisión do usuario e complementa as posibilidades de atención sanitaria.



### **Máis garantías para os pacientes**

Trátase de facilitar ao paciente unha maior información que afiance a seguridade da súa decisión informada, consciente, participativa e autónoma, para o mantemento e coidado da súa saúde e para os efectos de que poida acceder á mellor asistencia sanitaria que, a través do sistema público de saúde de Galicia, se lle poida proporcionar.

A efectividade do dereito a obter unha segunda opinión complementará a información a que poden acceder os pacientes ou os seus representantes e posibilita así o exercicio doutros dereitos, cun mellor coñecemento das posibles opcións ao seu alcance.

Este é un dos decretos que conforma o desenvolvemento normativo da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias xunto co decreto que regula o dereito ao exercicio da segunda opinión médica e o funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións previas sobre os coidados e tratamento de saúde. Con este decreto, derrógase o 205/2007, do 27 de setembro, polo que se regulaba ata o momento o exercicio do dereito á segunda opinión médica no sistema sanitario público de Galicia.



## **SANIDADE ACTUALIZA O PLAN GALEGO ANTI VIH/SIDA INCORPORANDO AS INFECCIÓNIS DE TRANSMISIÓN SEXUAL**

- *Este novo plan xorde da adecuación á nova situación epidemiolóxica das infeccións de transmisión sexual*
- *Entre xuño de 2011 e decembro de 2014 fixeron a proba rápida de detección do VIH 2.695 persoas*

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, presentou na reunión do Consello da Xunta a actualización do Plan galego anti VIH/sida ata 2018, no cal se incorporan as infeccións de transmisión sexual (ITS).

O obxectivo principal deste plan é a prevención da transmisión sexual do VIH, en sinerxía coa prevención das outras ITS, e o diagnóstico precoz das persoas infectadas que descoñecen a súa infección. Ademais, outros obxectivos son garantir a universalidade da atención sanitaria para as persoas con estas infeccións; eliminar o estigma e a discriminación aos afectados; minimizar o impacto da infección e mellorar a esperanza e a calidade de vida dos doentes.

Dende a dirección xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública adecúase o Plan cada 5-10 anos en función das situacións epidemiolóxicas destas infeccións.

No ano 2014, cos resultados do 2013, decidiuse a incorporación doutras ITS despois de analizar a información da Rede nacional de vixilancia epidemiolóxica do Centro Nacional de Epidemioloxía e comprobar que dúas das máis representativas, a sífilis e a gonococia, presentan unha tendencia á alza desde o ano 2002, aínda que en Galicia as cifras son inferiores ás estatais.

Na medida que consigamos incrementar as prácticas de sexo seguro entre os cidadáns diminuirán as ITS, entre as cales a infección polo VIH segue ocupando un lugar especial.

### **Sífilis e gonococia**

No caso da sífilis, o obxectivo é que a incidencia non supere os 5 casos por 100.000 habitantes e eliminar a conxénita, de tal xeito que non se dea ningún caso en fillos de mulleres que leven residindo en Galicia, como mínimo, dende os nove meses anteriores ao parto.

Doutra banda, trátase de manter a incidencia anual da gonococia por debaixo dos 7 casos por 100.000 habitantes e que en máis do 50% dos casos se realicen estudos de resistencias.





### **Patrón epidemiolóxico do VIH**

Actualmente, en Galicia a situación da infección polo VIH é a de estabilización con arredor de 200 casos anuais, e continúa por debaixo dos valores medios do Estado. Dende o ano 1984, cando se diagnosticou o primeiro caso de sida en Galicia, o número total de casos rexistrados da enfermidade na nosa Comunidade, ata o 31 de decembro de 2013, é de 4.110, a maioría rexistrados nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Grazas ao tratamento antirretroviral, prodúcese un aumento na expectativa de vida destas persoas, o que leva ao conseguinte aumento no número global de persoas afectadas –estímase que 150.000 en España das cales 7.000-8.000 son en Galicia-, pero tamén se produce unha diminución da sensación de risco, sobre todo entre os mais novos o que fai que non poidamos baixar a garda ante este importante problema sanitario.

O patrón epidemiolóxico predominante na transmisión do VIH en Galicia é claramente a vía sexual, cun 76% dos casos entre os anos 2004 e 2013, sendo o resto de contaxios por compartir materiais para inxectarse nun 19% e nun 5% debido a outras causas.

Se o diferenciamos por sexos, a transmisión da infección entre homes que teñen sexo con outros homes continúa sendo a categoría máis significativa, cun importante aumento ano a ano; así, un 47% infectáronse por esta vía, fronte a un 29% de casos en que a infección se adquire por relacións heterosexuais, e un 19% nos casos en que a vía de transmisión é por compartir materiais para inxectarse drogas. Con respecto das mulleres, as prácticas de risco máis importantes son a transmisión heterosexual nun 76% e nun 17% por compartir materiais para inxectarse drogas.

### **Probos rápidas**

Para mellorar o diagnóstico precoz, a Xunta de Galicia puxo en marcha, dende 2011, as probas rápidas de detección do VIH baixo tres premisas: son accesibles, anónimas e gratuítas. Son probas sinxelas, realizadas de xeito anónimo a persoas de colectivos con especiais dificultades.

Entre xuño de 2011 e decembro de 2014 fixeron a proba 2.695 persoas, nun 66% de entre 25 e 44 anos e nun 25% entre 16 e 24 anos. O 1,4% (é dicir, 39 casos) resultaron positivos.

Neste senso, o novo plan, ademais de seguir apoiando estas probas, busca fomentar o diagnóstico precoz do VIH en atención primaria.



## **SANIDADE AUMENTA AO 25% O ANTICIPO DAS SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS E MENTAIS**

- *O importe total para as 10 asociacións é de 5,6 millóns de euros*
- *O obxectivo é facilitarlles poder seguir exercendo o seu labor, permitíndolles maior flexibilidade na súa tesouraría*

O Servizo Galego de Saúde aumentará o anticipo da subvención ás asociacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos e saúde mental infanto-xuvenil, que pasa do 10% ao 25%.

Así o informou hoxe a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, na reunión do Consello da Xunta onde se autorizou a sinatura destes convenios por un importe de 5,6 millóns de euros para este ano 2015. Isto supón un anticipo de máis de 1,4 millóns de euros, que lles permitirá moita maior flexibilidade na súa tesouraría.

O obxectivo, dada a situación económica actual, é facilitarlles a liquidez necesaria para poderen exercer o seu labor nas mellores condicións posibles .

### **Cadro de axudas para o desenvolvemento da asistencia en trastornos adictivos e mentais**

<b>ENTIDADE</b>
Aclad (A Coruña)
Asfedro (Ferrol)
Cruz Vermella (Lugo)
Alborada (Vigo)
Proxecto Home (Galicia)
Luis Miguel Moras (A Coruña)
As Burgas (Ourense)
Ex Alcohólicos Ferrolterra (Ferrol)
Asvidal (Vigo)
Aspaneps (Ferrol)
<b>TOTAL: 5.641.313€</b>

## **A XUNTA ADQUIRIRÁ 52 VEHÍCULOS TODOTERREO PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

- ***O Consello autorizou hoxe a contratación destes vehículos, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, cun valor estimado total de 9,9 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a contratación para a adquisición de 52 vehículos todoterreo equipados para a prevención e defensa contra os incendios forestais, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco operativo FEDER 2007-2013. O importe de licitación é de 9,9 millóns de euros.

A Consellería do Medio Rural e do Mar ve necesario proceder a unha renovación do parque de vehículos motobomba con que conta o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, co fin de garantir o éxito no combate contra o lume, así como mellorar a seguridade do persoal combatente durante os labores de extinción.

A adquisición destes vehículos todoterreo está distribuída en tres lotes: en primeiro lugar, un de 19 vehículos con capacidade mínima para 2 persoas e 4.000 litros de auga. En segundo termo, outro lote con 19 vehículos e unha capacidade mínima para 2 persoas e 3.500 litros de auga. Por último, un terceiro lote está composto por 14 vehículos con capacidade mínima para 3 persoas e 3.000 litros de auga. O prazo de execución do contrato será de 5 meses dende a súa sinatura.

A adxudicación realizarase a través do sistema de procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, de acordo co establecido na normativa ao respecto e a tramitación do procedemento será ordinaria.

Estes vehículos todoterreo incorporaranse ao parque do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, que xestiona a Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar. Distribuiranse, segundo as necesidades, a través dos diferentes distritos forestais en que está estruturado o territorio galego.



## **A ESTRATEXIA DE IMPULSO DA BIOMASA AVANZA CUNHA NOVA ORDE DE AXUDAS DE 9,3 MILLÓNS PARA A IMPLANTACIÓN DE CALDEIRAS QUE PERMITE REDUCIR O GASTO EN CALEFACCIÓN Á METADE**

- *Como novidade, no 2015 o cambio de caldeira verase beneficiado por unha dedución do 5% na renda, medida establecida pola Xunta para a instalación de equipamentos que empreguen fontes renovables*
- *A liña de apoios, dirixida ao ámbito rural, favorecerá o incremento da demanda con axudas que poden chegar ata 200.000 euros e beneficiarán familias, empresas e Administración pública*
- *Grazas a este programa, no 2014 instaláronse 400 caldeiras nos fogares galegos, 120 no tecido empresarial e 80 en edificios administrativos, e incrementouse o consumo de pellets e estelas nunhas 24.000 toneladas*
- *No desenvolvemento da Estratexia, Galicia Calidade certificará a orixe e calidade dos pellets e estelas producidos a partir da biomasa forestal galega*
- *O Igape e a Axencia Galega de Innovación manteñen en 2015 a priorización daqueles proxectos que teñen que ver coa biomasa, unha aposta que se suma ao traballo da Consellería de Medio Rural e do Mar con liñas de mellora ao aproveitamento forestal*

O Goberno galego, na súa aposta polas fontes renovables autóctonas como un dos piares fundamentais da súa política enerxética, segue dando pasos no desenvolvemento da Estratexia integral de impulso da biomasa forestal. Esta Estratexia prevé mobilizar 450 millóns de euros ata o 2020, triplicando o consumo da biomasa na Comunidade neste período. Para acadar estes obxectivos, o Consello da Xunta coñeceu hoxe da segunda convocatoria da orde para a implantación de caldeiras de biomasa. Esta liña, que suma un ano máis 9,3 millóns de euros, persegue incrementar a demanda deste combustible nos fogares, nas empresas e na propia Administración pública, reducindo á metade o gasto en calefacción cun maior compromiso ambiental.

Como novidade, en 2015 os beneficiarios poderán solicitar unha dedución do 5% na súa declaración da renda, bonificación fiscal establecida polo Goberno galego para fomentar a instalación de equipamentos de climatización ou auga quente sanitaria que empreguen fontes renovables.

A nova orde prevé a instalación de preto de 1.000 novos equipamentos, con apoios que poden chegar ao 100% do custo do proxecto cun máximo de 200.000 euros. Dáse así continuidade ao traballo levado a cabo o ano pasado, e que permitiu a instalación de 400 caldeiras nos fogares galegos, 120 no tecido empresarial da Comunidade, e 80 nas administracións públicas. Neste sentido, cómpre salientar que a implantación destes equipamentos incrementou o consumo de pellets e estelas en Galicia nunhas 24.000 toneladas, máis do 15% do consumo actual.



Estas caldeiras permiten aforros económicos que poden chegar ata o 50%. Así, un equipamento de biomasa diminúe en preto de 700 euros o gasto en combustible nunha economía familiar con respecto ao gasóleo, cifra que se sitúa en case 13.000 euros no caso dun edificio do sector servizos que instale unha caldeira con capacidade de abastecer a súa demanda térmica, e aos 130.000 euros para unha industria.

O programa, dirixido ao ámbito rural e cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), da continuidade ás distintas actuacións que está a realizar a Xunta no contexto da mencionada Estratexia de impulso da biomasa. Neste sentido, Galicia Calidade certificará a orixe e calidade dos pellets e estelas producidos a partir da biomasa forestal galega, garantindo a rastrexabilidade e a calidade deste combustible feito en Galicia, o que potenciará o seu posicionamento no mercado.

Un traballo que se suma ao compromiso do Igape e da Axencia Galega de Innovación, que están a priorizar aqueles proxectos que teñen que ver coa biomasa. Unha aposta que se manterá neste 2015 e que permitiu ata hoxe impulsar distintas iniciativas que mobilizan xa máis de 20 millóns de euros. Ese labor complementábase co esforzo da Consellería de Medio Rural e do Mar, que está a apoiar unha xestión sustentable dos bosques galegos con liñas de mellora para o aproveitamento forestal.

Así mesmo, a Estratexia recolle tamén outro tipo de actuacións, como a activación de iniciativas de *district heating* para a promoción de redes de subministración de enerxía xerada con biomasa; ou a creación do Foro da Biomasa, que acaba de se pór en marcha esta semana co obxectivo de analizar e diagnosticar o desenvolvemento do plan e propor medidas de apoio en relación aos problemas detectados.

Galicia aspira, así, a activar unha industria asociada á valorización enerxética da biomasa que impulsará o seu consumo con fins térmicos e xerará máis de 1.000 postos de traballo, tanto na transformación e distribución, como na instalación de caldeiras. Ademais, reducirase a dependencia enerxética dos derivados do petróleo, aspirando a acadar un aforro económico anual de 70 millóns de euros.

